

# PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES SOBRE A CAMPAÑA DE SUBSCRICIÓN DE “AVAI MANCOMUNADOS”

## Índice

1¿Que é COOP57?.....	1
¿Por que COOP57 para financiar o proxecto?.....	1
¿Que condicións establece COOP57 para a devolución do préstamo?.....	2
2¿A canto ascende o crédito solicitado a COOP57?.....	2
3Os avais.....	2
¿En que consiste un aval mancomunado?.....	2
¿Teño que ingresar os cartos?.....	2
¿Que arrisco como avalista?.....	2
¿Que ocorre se Árbore ten dificultades para retornar o crédito?.....	0
¿En que casos se executaría o aval?.....	0
¿Durante canto tempo se mantén o compromiso de cada avalista con ÁRBORE?.....	0
¿A cantidade pola que se responde pode aumentar ou reducirse?.....	0
¿Por que se fixa unha cantidade mínima e unha máxima para cada aval?.....	0
4A campaña.....	0
¿Para que se realiza esta campaña?.....	0
¿Canto vai durar?.....	0
¿Que ocorre se non conseguimos avalar o total do crédito? ¿E se superamos a cantidade avalada?.....	0
¿Como podo avalar?.....	0
¿Aínda teño dúbidas, como podo resolvelas?.....	0

---

## 1 ¿Que é COOP57?

---

COOP57 é unha cooperativa de servizos financeiros creada polos traballadores da editorial Bruguera en 1996 coas indemnizacións que cobraron despois de gañar o xuízo por despido.

O seu obxectivo é financiar proxectos de economía social que promovan a ocupación, fomenten o cooperativismo, o asociacionismo e a solidariedade.

Podedes ampliar a información sobre COOP57 en [www.coop57.com](http://www.coop57.com)

## ¿Por que COOP57 para financiar o proxecto?

Somos socios de Coop57 dende o ano 2009 e levamos participando activamente na sección galega de Coop57 dende entón. Xa no 2011 e por petición da Asemblea da cooperativa depositáronse os aforros de Árbore como achegas voluntarias en Coop57.

A nosa cooperativa é igualmente socia de Fiare-BPE dende o 2011. Que como xa se explicou na Asemblea, esta a comezar coa operativa bancaria e

que suma máis servizos a rede de Finanzas Éticas.

## ¿Que condicións establece COOP57 para a devolución do préstamo?

As condicións do empréstimo contemplan un prazo de amortización de 5 anos, sen carencia.

Ademais, no caso de querer amortizar anticipadamente o empréstimo (parcial ou totalmente), podería facerse sen ningún tipo de comisión adicional.

---

## 2 ¿A canto ascende o crédito solicitado a COOP57?

Solicitamos 15.000€<sup>1</sup> destinados na súa totalidade á reformar o novo local.

---

## 3 Os avais

### ¿En que consiste un aval mancomunado?

COOP57 pide determinadas garantías para a concesión dun crédito. Estas garantías son avais de tipo persoal e non patrimonial con ÁRBORE.

A diferenza dos “avais solidarios” que esixen as entidades bancarias, o aval mancomunado divídese proporcionalmente entre todos os avalistas, e nunca pola totalidade do importe do crédito. Isto quere dicir que cada avalista, no caso de ser necesario, non responde por máis cantidade da indicada no formulario baixo o que se regula o compromiso.

**Exemplo:** Un avalista que se comprometa por 500€ terá que responder por 250€ en caso de que ÁRBORE deixara sen pagar o 50% do crédito solicitado a COOP57.

### ¿Teño que ingresar os cartos?

Non. O aval mancomunado é un compromiso persoal que non supón nin inmovilización nin desembolso de diñeiro, depósitos ou fianzas para as persoas avalistas. Este compromiso, como se detalla máis abaixo, só fará efectivo o desembolso de capital en caso de creba da cooperativa, nas condicións que se detallan máis abaixo.

### ¿Que arrisco como avalista?

Exclusivamente a cantidade que conste no formulario de aval. Non se responde con ningún tipo de bens patrimoniais nin por cantidades superiores ás avaladas.

---

<sup>1</sup> Esta cantidade podería variar lixeiramente unha vez revisada os últimos datos de execución da reforma.

## ¿Que ocorre se Árbore ten dificultades para retornar o crédito?

Cando se detectan problemas para amortizar un crédito, en COOP57 créase unha comisión de seguimento que se encarga de ditaminar as razóns e motivos da situación e de propoñer a forma de afrontalos, de maneira que satisfaga a ambas partes.

COOP57 engade na súa web: «Só no caso de que a entidade que recibe o apoio financeiro de COOP57 se negue a participar na comisión de seguimento se poden exercer as medidas oportunas. COOP57 ten como obxectivo esencial o apoio financeiro a proxectos cun alto contido social. O seu fracaso tamén é o noso.»

## ¿En que casos se executaría o aval?<sup>2</sup>

O aval non pode nunca empregarse para afrontar impagos puntuais. Só no caso da creba de ÁRBORE nalgún momento dos vindeiros 5 anos podería executarse o aval.

Se esgotadas todas as vías non se puidese asumir o importe total da débeda, os avalistas deberán responder co seu aval pola parte proporcional da débeda que aínda quede por cancelar. Coop57 procurará sempre ofrecerlle aos avalistas as condicións de devolución máis favorábeis, fraccionando os pagamentos e nunca aplicando recargas ou comisións.

Poremos un **exemplo** para aclarar este punto: no suposto da creba de ÁRBORE, cunha débeda pendente de 5.000€ e tras unha liquidación dos bens da cooperativa da que se obteñan 3000€, ÁRBORE deberíalle aínda 2.000€ a Coop57 como retorno do préstamo. En consecuencia, para este caso os avalistas deberan responder proporcionalmente até completar esta cantidade, de tal maneira que quen avalara, poñamos por caso, 500€, respondería por 67€ e quen avalara 1.000€, respondería por 133€.

## ¿Durante canto tempo se mantén o compromiso de cada avalista con ÁRBORE?

Durante os cinco anos fixados como prazo de amortización da débeda, a contar desde o primeiro ano. A non ser que se reformulara o empréstimo por exemplo ampliando o prazo de amortización de mutuo acordo con Coop57.

## ¿A cantidade pola que se responde pode aumentar ou reducirse?

Tal e como explicamos anteriormente, a cantidade avalada nunca poderá superar aquela que consta no formulario de aval. Posto que se trata dun aval mancomunado e non solidario, tampouco se responde polo total do crédito solicitado, senón exclusivamente pola cantidade avalada.

<sup>2</sup> Naturalmente, o obxectivo é facer fronte a amortización do empréstimo mediante a actividade económica da cooperativa, pero preséntase información sobre os posibles escenarios.

E pódese reducir, si. A medida que se devolve o préstamo, cada aval verá reducida a cantidade comprometida.

## **¿Por que se fixa unha cantidade mínima e unha máxima para cada aval?**

COOP57 establece un máximo de 5.000€ por aval.

O Consello Reitor de Árbore decidiu establecer un máximo de 1500€ por avalista e un mínimo de 100€.

---

## **4 A campaña**

---

### **¿Para que se realiza esta campaña?**

Porque permite manter a independencia con respecto á banca tradicional e diversificar o apoio necesario para afrontar a reforma do novo local.

### **¿Canto vai durar?**

A campaña de subscrición de avais durara do 16 ao 26 de Marzo.

### **¿Que ocorre se non conseguimos avalar o total do crédito? ¿E se superamos a cantidade avalada?**

A cooperativa podería facer fronte a parte da reforma cos seus propios fondos, pero provocaría problemas de liquidez, por esta razón se artellaron formulas adicionais de financiamento (Capital Social Voluntario e Empréstito con Coop57).

No caso de ser necesario podería ampliarse o prazo de subscrición de avais ou recorrer a outras fórmulas de financiamento.

No caso de superar os 15000€ en avais, a cifra acadada servirá para reducir proporcionalmente a responsabilidade de todos os avalistas.

### **¿Como podo avalar?**

Completando o formulario axunto no correo, canda unha fotocopia do teu DNI, Pasaporte ou CIF (no caso de persoa xurídica), ao seguinte enderezo: CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE, S.C.G, Rúa Arquitecto Pérez Bellas, 5 baixo. Tamén se pode entregar en persoa.

### **¿Aínda teño dúbidas, como podo resolvelas?**

Escríbenos a [info@arbore.org](mailto:info@arbore.org) e atenderémoste o máis axiña posíbel. Se preferides usar o teléfono, chamade ao 986233497.